



NOTA DE PRENSA

José Luis Baños de Cos gaña a oitava edición do premio Varela Buxán

Este luns 27 de decembro, fallouse a oitava edición do premio de textos teatrais Varela Buxán organizado pola Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada. No acto, levado a cabo no consistorio estradense, participaron os membros do xurado Santiago Cortegoso, Ana Carreira e Esther Carrodegas.

Despois de ler as 19 obras presentadas a concurso, o xurado decidiu, por unanimidade, conceder o premio a José Luis Baños de Cos pola obra *Segunda morte*.

O xurado destacou deste texto a complexidade da estrutura dramática e o tratamento temático da inmigración, cunha poética particular, tecida con imaxes cheas de simbolismo.

José Luis Baños de Cos xa ten acadado, con anterioridade, os premios de dramaturxia Roberto Vidal Bolaño, Abrente da MIT de Ribadavia ou o de Teatro Breve Jenaro Marinhas del Valle.

A finais de febreiro, no Teatro Principal da Estrada, faráselle entrega ao autor deste premio literario nun acto no que tamén se lle entregará a Fernando Epelde, gañador da edición anterior, a publicación do libro *Engadir auga e esperar*.

A Estrada, 27 de decembro de 2021